

MIHL Museo Interactivo da Historia de Lugo

MIHL LUGO

ESPAZO

CAIXA NEGRA
SALA DE GRUPOS
ÁREA DE EXPOSICIÓN
ÁREA DE RECEPCIÓN
OUTROS ESPAZOS

SERVIZOS

SERVIZOS

PLANOS

PLANOS

Índice.

MIHL LUGO



Espazo. Deseño.

Todos os espazos do MIHL están equipados con medios técnicos avanzados.

A.Detalle do deseño arquitectónico.

B.Orixinal arquitectura como escenario de reunión e traballo

Ubicado dentro dun parque, preto do centro da cidade, próximo ás zonas hostaleiras e comerciais, o vangardista edificio do MIHL é innovador tanto por o seu orixinal deseño arquitectónico como por a súa funcionalidade e versatilidade. O edificio, deseñado polo estudo de Nieto e Sobejano, é unha síntese de creación artística

e inxenio para conseguir que converxan as tecnoloxías máis avanzadas nos equipamentos que require a organización de eventos.

Este deseño combina innovación conceptual, estética, técnica e constructiva.



A



B

ESPAZOS SEN LÍMITES



A CAIXA NEGRA.

Aforo de 170butacas.

A. Vista xeral da Caixa Negra

B .Detalle lateral da Caixa Negra.



A

A Caixa Negra ten un aforo de 170 butacas,

A sala está equipada coa tecnoloxía máis avanzada, acústica excepcional e un escenario ca máxima funcionalidade de cara a realización de representacións artísticas, teatrais e audiovisuais, así como de congresos, convencións e reunións de medio formato.

A Caixa Negra dispón tamén dun almacén/vestíbulo que complementa calquera evento nun singular espazo ideal para cócteles, ceas ou presentacións.

Características da sala:

- > 450m².
- > Aforo para 170 persoas
- > Pantalla semicircular de gran formato
- > 1 Almacén/vestíbulo anexo
- > 10m.de altura libre



B

Caixa Negra.

Aforo de 170 butacas.

Caixa Negra con pantalla no escenario.

Con capacidade para 170 personas, o deseño e equipamento da Caixa Negra se adecúa perfectamente á demanda do mercado de reunións.

A Caixa Negra é o espazo idóneo polivalente e versátil para congresos, convencións e reunións de mediano formato ademais de escenario perfecto pola súa acústica para concertos de cámara.





Sala de grupos.

Con capacidade ata 72 persoas.

A/B Detalles da sala de grupos

A sala de grupos é un área multiusos e un espazo polivalente de 127 m² cunha altura sostida de 3.50 metros. Esta sala modulable que permite a disposición de 60 butacas con bandexa extraíble de apoio pode acoller todos os formatos de eventos de empresa: asembleas, convencións, xornadas, seminarios, mesas redondas, presentacións de produto ou roldas de prensa, entre outras moitas posibilidades.

Ademáis dun equipamento tecnolóxicamente avanzado, a sala de grupos dispón dunha acústica especial, ademáis dun deseño vangardista

Características da sala:

- > Medios audiovisuais.
- > Megafonía.
- > Microfonía inalámbrica.
- > Sistemas de reprodución / grabación de audio

- > Sistema de video proxección.
- > Proxección informática.



A



B

Áreas de exposición.

A. Sala de exposicións temporais

B. Sala de lucernario

C. Sala de polivalentes

Máis de 440 metros cadrados do edificio están preparados para a celebración de exposicións, instalación de stands ou feiras. Diferentes espazos con entidade propia adecuados para acoller grandes acontecementos, tanto expositivos como sociais,

Ademáis, cabe recordar que o MIHL ofrece como un museo/parque que é, unha superficie verde no seu exterior que constitúe un entorno único para presentacións de produtos, accións de Street-marketing, sesións fotográficas ou concertos ó aire libre.

Características das salas:

- > Máis de 440 m² de exposición
- > Sala exposicións temporais: 245 m²
- > Sala de lucernario: 50 m²
- > Sala de polivalentes: 145 m²



A



B



C

Área de recepción.

A.B.C.D.. Área de recepción

Máis de 450 metros cadrados do edificio cunha altura sostida de 3,50 metros están preparados para acoller exposicións pictóricas, catas, talleres infantís ou cocktails de pé. Mesmo espazo pero con unha gran versatilidade e cunha entidade propia adecuada para acoller grandes acontecementos, tanto expositivos como sociais.



A



B



C



D

Outros espazos. Patio central/xardín exterior.

A. Patio central do MIHL

B. Espazo exterior

C. Panorámica cenital do
museo/ parque.



A

O MIHL ofrece un patio central axardinado cunha superficie de 235 metros cadrados, o que se accede por unha escaleira suspendida que constitúe un entorno único para presentacións de produtos, accións de street-marketing, sesións fotográficas ou outro tipo de eventos ó aire libre.

Por outra banda, a fachada exterior con cilindros de máis de 8 metros de altura e o xardín que rodea ó MIHL, confírelle un carácter de museo-parque cunha superficie de 11.300 metros cadrados que pasa por ser un elemento singular no edificio que o convertiron nun icono da cidade de Lugo. Para ós clientes se oferta una oportunidade única: a posibilidade de personalizar o evento ó colocar un logo ou unha imaxe de empresa nun lugar tan senlleiro. A intervención constitúe un escaparate, unha ferramenta de marketing orixinal e de gran impacto.



B



C

SERVIZOS



Servizos.

Amplia oferta de servicios que garantizan o perfecto desenrolo do evento.



O MIHL pon a súa disposición un equipo humano comprometido co seu evento que lle proporcionará unha atención personalizada e o acompañará en todo o proceso de deseño e produción do mesmo, adaptándose as súas necesidades, todo elo cō obxectivo de facer que seu evento

sexa una experiencia memorable.

A estas vantaxas únense a comodidade dun parking anexo para 250 vehículos, servizos que garantizan o perfecto desenvolvemento de todo tipo de eventos e que fan de éstos un gran acontecemento á altura das súas expectativas.






Plano exterior museo/parque





Planta -1 e Caixa Negra



Corte lateral do edificio

Acceso principal e patio interior



MIHL LUGO



Museo
Interactivo
da Historia
de Lugo



MIHL LUGO

Parque da Milagrosa

Av. Infanta Elena, s/n

27003 LUGO

Tel.:

982297446/678748973

email: museo.mihl@lugo.gal

Instagram: [mihl_museo](#)

Facebook: [Museo Mihl](#)